

Enderezos dos gabinetes de normalización lingüística provinciais ós que se ten que envia-la documentación dos diferentes concursos

\* A Coruña.

Gabinete de Normalización Lingüística.  
Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Rúa Salvador de Madariaga, s/n, 15008 A Coruña.  
manuel.rico.verea@xunta.es.  
Teléfono 981 18 48 98-981 18 47 20.

\* Lugo.

Gabinete de Normalización Lingüística.  
Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Edificio administrativo Ronda da Muralla 70, 27071 Lugo.  
fernando.vazquez.cadahia@xunta.es.  
Teléfono 982 29 41 62.

\* Ourense.

Gabinete de Normalización Lingüística.  
Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Rúa Concello, 11, 32003 Ourense.  
gnl.ou.ceoug@xunta.es.  
Teléfono 988 38 66 60.

\* Pontevedra.

Gabinete de Normalización Lingüística.  
Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Rúa Montero Ríos, s/n, 36001 Pontevedra.  
rosario.iglesias.rua@xunta.es.  
Teléfono 986 80 59 71.

*Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En

consonancia con iso, recoñécelles ós cidadáns o dereito de o coñecer e de o usar. Mais non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentaren (ou iniciaren, segundo o caso) o coñecemento e o dominio dos distintos rexistros da lingua propia de Galicia.

Entre as competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recollidas no Decreto 213/1998, figura a promoción e o ensino da lingua galega, competencia que exerce, entre outros medios, a través da organización de cursos do idioma propio de Galicia. A estrutura e o contido destes cursos regularaos xa a propia consellería mediante unha Orde do 1 de marzo de 1989.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Artigo 1º

1. Anúncianse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega, que se realizarán nas localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.

2. O gasto ocasionado pola celebración destes cursos financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, actualmente en trámite parlamentario, por unha contía máxima de 861.550 € (oitocentos sesenta e un mil cincocentos cincuenta euros) e estará sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente, tal e como se establece na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gastos, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

3. As retribucións correspondentes son as establecidas no Decreto 202/2002, do 6 de xuño (DOG do 17 de xuño).

Artigo 2º

1. Poderán asistir a estes cursos tódalas persoas maiores de idade que o desexen, ben individualmente ou ben agrupadas por colectivos.

2. Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.

3. O número de asistentes a cada curso será de 15 persoas como mínimo e de 35 como máximo.

#### Artigo 3º

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.

2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua, e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, para o que se aplicarán as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de apto.

#### Artigo 4º

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles seguintes ó da publicación deste anuncio no DOG.

2. Para a presentación das solicitudes utilizaranse os modelos de formularios que figuran como anexos I e II a esta orde de convocatoria.

As persoas e os colectivos que desexen realiza-los cursos presentarán a solicitude no rexistro da Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da provincia á que pertenza a localidade onde queiran realiza-lo curso, sendo de aplicación o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

3. Os solicitantes do curso de perfeccionamento deberán presentar, canda o formulario de solicitude, a fotocopia compulsada da certificación que acredite que teñen superado o curso de iniciación, ou ben da correspondente validación.

#### Artigo 5º

1. Sobre a admisión das solicitudes resolverá a correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, que se contará desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. As listas de admitidos faranse públicas nos taboleiros de anuncios do gabinete de normalización lingüística da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente.

#### Artigo 6º

1. O horario, o lugar de realización e a data de comezo de cada curso determinaraos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.

2. Tódalas actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

#### *Disposiciones derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**SOLICITUDE DE CURSO POR PARTE DUNHA PERSOA INDIVIDUAL**

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS E COLECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

APELIDOS	NOME	DNI		
ENDEREZO				
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**CURSO QUE SOLICITA**

NIVEL	<input type="checkbox"/> INICIACIÓN	<input type="checkbox"/> PERFECCIONAMENTO
LOCALIDADE ONDE O DESEXA REALIZAR	HORARIO DE PREFERENCIA	

NO CASO DE SOLICITA-LO CURSO DE PERFECCIONAMENTO ENTREGA COMO XUSTIFICACIÓN DO DE INICIACIÓN (POÑA "X" ONDE PROCEDA):

- COPIA COMPULSADA DA VALIDACIÓN.  
 COPIA COMPULSADA DO CERTIFICADO.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

\* Director xeral de Política Lingüística. Santiago de Compostela

\* Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de \_\_\_\_\_

\* Risque o que non proceda

ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**SOLICITUDE POR PARTE DUN COLECTIVO**

PROCEDIMENTO <b>CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS E COLECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

NOME DO COLECTIVO		CIF		
ENDEREZO				
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE EFECTÚA A SOLICITUDE				TELÉFONO

**DATOS DO CURSO QUE SE SOLICITA**

NIVEL	<input type="checkbox"/> INICIACIÓN	<input type="checkbox"/> PERFECCIONAMENTO
LOCALIDADE ONDE SE VAI REALIZAR	LOCAL DE CELEBRACIÓN (SE SE DISPÓN DEL)	
DIAS DE CLASE Á SEMANA E HORARIO QUE SE PROPÓN	DATA DE COMEZO DESEXABLE	

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

\* Director xeral de Política Lingüística. Santiago de Compostela

\* Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de \_\_\_\_\_

\* Risque o que non proceda

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

*Corrección de erros.-Orde do 22 de decembro de 2003 pola que se convocan axudas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, de acordo coas bases reguladoras establecidas na Orde do 11 de marzo de 2002 (Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo).*

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 1, do venres, 2 de xaneiro de 2004, cómpre face-las seguintes correccións:

-Na páxina 18 no punto b.2) do artigo 3º, onde di: «Lei 34/2002, do 23 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico»; debe dicir: «Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico».

-Na páxina 19 no punto 3.7 do artigo 7º, onde di: «Lei 34/2002, do 23 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico»; debe dicir: «Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico».

NOTA: estas correccións non afectan o prazo de presentación de solicitudes.